

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1. OBXECTO E ÁMBITO

1. O presente Regulamento será aplicable á realización de prácticas académicas externas (en diante, as prácticas) dos estudantes universitarios de titulacións oficiais ou propias.
2. Poderán realizarse na propia universidade ou en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.
3. As prácticas académicas externas poderán ser curriculares ou extracurriculares.
 - a) Son curriculares as prácticas integrantes do plano de estudos, xa sexan recoñecidas como créditos obrigatorios ou optativos, e que computan para a obtención do título.
 - b) Son extracurriculares as prácticas que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que non forman parte do plano de estudos. Non obstante deberán figurar no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET) sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos, conforme determine a normativa vixente.
4. As prácticas curriculares serán convocadas, con carácter xeral, pola Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), a través da vicerreitoría con competencias na materia ou dos seus centros ou dirección de título propio. As prácticas extracurriculares poderán ser convocadas pola USC a través da vicerreitoría con competencias na materia, dos seus centros ou dirección do título propio ou ben por unha entidade xestora que colabore para este fin coa USC mediante o oportuno convenio; en todo caso, corresponderá á USC o seguimento da realización das prácticas.
5. En calquera caso, as prácticas deben realizarse antes de facer o depósito do título e un período de prácticas só se poderá recoñecer para unha titulación.

Artigo 2. MARCO XURÍDICO

1. A realización de prácticas académicas externas regularase, ademais de polo presente Regulamento e polas normas referidas aos estudos oficiais, polo Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, así como polas propias convocatorias e demais disposicións xerais de aplicación. Será de aplicación supletoria o *Regulamento para a Xestión de Convenios na Universidade de Santiago de Compostela* (aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002), as resolucións e acordos sobre esta materia no que non se opoñan ao presente Regulamento.
2. Con independencia do órgano convocante, seralles de aplicación aos procedementos de selección de estudantes para a realización de prácticas a Lei 30/1992, de 26 de novembro, do

Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en particular en materia de prazos e impugnacións.

3. De ser o caso seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polos estudantes universitarios, actualmente contidas na disposición adicional vixésima quinta do Real Decreto-lei 8/2014, de 4 de xullo, ou normativa que a substitúa e a disposición adicional vixésima sexta da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia ou normas que as substitúan.

CAPÍTULO I

OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 3. OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES EN TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER

1. A aprobación, actualización e publicación da oferta de prácticas curriculares para cada título corresponde ao centro responsable do mesmo, de conformidade cos convenios asinados pola vicerreitoría con competencias na materia.

2. Para os efectos descritos no parágrafo anterior o órgano convocante, antes de incluír por primeira vez unha oferta de prácticas, deberá enviar as propostas dos convenios á vicerreitoría con competencias na materia. Só se poderán incluír ofertas de prácticas na convocatoria unha vez asinados os convenios que as amparan.

3. A oferta de prácticas externas deberá conter os seguintes datos:

- Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica.
- Centro, localidade e enderezo onde terá lugar.
- Datas de comezo e fin das prácticas así como a súa duración en horas.
- Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.
- Proxecto formativo, actividades e competencias a desenvolver.

Artigo 4. OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS CURRICULARES EN TÍTULOS PROPIOS

1. A aprobación, actualización e publicación da oferta de prácticas curriculares en títulos propios realizarase a través do órgano responsable da titulación, de conformidade coa programación aprobada para este tipo de estudos e cos convenios asinados pola vicerreitoría con competencias en oferta docente.

2. Para os efectos descritos no parágrafo anterior o órgano convocante, antes de incluír por primeira vez unha oferta de prácticas, deberá enviar as propostas dos convenios á vicerreitoría con competencias na materia. Só se poderán incluír ofertas de prácticas na convocatoria unha vez asinados os convenios que as amparan.

3. A oferta de prácticas externas deberá conter os seguintes datos:

- Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica.
- Centro, localidade e enderezo onde terá lugar.
- Datas de comezo e fin das prácticas así como a súa duración en horas.
- Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.
- Proxecto formativo, actividades e competencias a desenvolver.

Artigo 5. OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES

1. A USC, ao través da vicerreitoría competente, dos centros, do Consello Social, da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) ou doutras entidades xestoras habilitadas, poderá convocar prácticas extracurriculares.

2. En xeral, as entidades colaboradoras que oferten prácticas curriculares non ofertarán o mesmo tipo de prácticas como extracurriculares.

Artigo 6. PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES COMO CONTINUACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES

Superado o máximo número de horas de prácticas curriculares o estudantado, previa petición e antes da súa finalización, pode realizar prácticas extracurriculares como continuación das anteriores na mesma entidade sempre que:

- a) O convenio de colaboración entre a USC e a entidade colaboradora o ampare.
- b) Exista autorización por parte do centro e da entidade colaboradora.
- c) O estudantado se matricule nas prácticas extracurriculares.
- d) E se cumpra o establecido no artigo 5.2.

CAPÍTULO II XESTIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 7. XESTIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES

1. Cada centro establecerá un coordinador ou coordinadora de prácticas, que poderá ser único ou por titulación, dependendo da complexidade das súas funcións, nomeado polo decano/a ou director/a do centro. A súa misión será a de incentivar a participación de empresas, entidades e estudantes no programa de prácticas, coordinar todo o proceso, participar na designación e asignación de titores/as e coordinar o seguimento e avaliación das prácticas. Os centros, sempre que así o consideren, poderán contar cunha comisión de xestión de prácticas académicas externas para asistir ao coordinador no desenvolvemento das súas funcións.

2. Cada centro establecerá un sistema de adxudicación conforme a procedementos e criterios que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. A cada estudante seralle asignado un titor académico que será un docente da titulación designado polo centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor académico tamén será o responsable de avaliar ao estudiantado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

4. Cada estudante contará tamén cun titor externo na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo estudante.

5. Os responsables de unidades de apoio á xestión de centros e departamentos teñen a misión de apoiar o proceso de xestión de prácticas académicas externas en todos os aspectos administrativos relativos ao centro. Terán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar tarefas de información aos estudantes da USC sobre convocatorias, condicións, trámites, etc.
- b) Colaborar na selección dos alumnos que realizarán as prácticas (elaboración de listas, baremos, publicación de propostas, etc.).
- c) Remitir a listaxe de admitidos ás Unidades de Xestión Académica (en diante, UUXA) para formalizar a matrícula nos casos en que este regulamento contempla a súa formalización posterior ao proceso de admisión.
- d) Colaborar na resolución de incidencias coas entidades colaboradoras.
- e) Xerar as actas no caso de materias optativas nas que proceda a emisión de actas individualizadas.
- f) Xestionar a información relativa aos titores académicos e externos e transmitir a correspondente información actualizada.
- g) Remitir as listaxes de alumnos en prácticas, así como os lugares e períodos da súa realización, á vicerreitoría competente para a súa remisión á inspección de traballo.
- h) Arquivar toda a documentación administrativa xerada polos procesos de prácticas académicas externas convocados polo centro.

Artigo 8. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

As entidades convocantes deberán:

- a) Realizar tarefas de información aos estudantes da USC sobre convocatorias, condicións, trámites, etc.
- b) Designar un titor externo da entidade colaboradora e un titor académico da universidade.
- c) Establecer un sistema de adxudicación conforme a procedementos e criterios que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- d) Remitir a listaxe de admitidos ás UUXA para formalizar a matrícula.

- e) Comunicar o resultado da valoración das prácticas ao alumnado e á USC cando sexan convocadas por entidades xestoras autorizadas, conforme o indicado no presente regulamento.
- f) Remitir as listaxes de alumnos en prácticas, así como os lugares e períodos da súa realización, á vicerreitoría competente para a súa remisión á inspección de traballo.
- g) Arquivar toda a documentación administrativa xerada polos procesos de prácticas académicas externas convocados por elas.

CAPÍTULO III CONVENIOS

Artigo 9. RÉXIMEN XERAL

1. A USC poderá celebrar convenios de cooperación educativa no eido das prácticas académicas externas. Nestes convenios figurarán inescusablemente todos os requisitos para o seu desenvolvemento.
2. Aprobado un modelo de convenio-tipo polo Consello de Goberno, os convenios que sigan este modelo seguirán un trámite abreviado segundo figura no artigo 10, sen prexuízo do seu control polo procedemento xeral, consonte o artigo 3 do Regulamento para Xestión de Convenios na USC.
3. Os convenios de cooperación educativa establecerán o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora, a USC e, de ser o caso, a entidade xestora das prácticas.
4. A celebración dun convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante.
5. Tanto a USC como as entidades xestoras coas que colabora fomentarán o establecemento de convenios para a realización de prácticas accesibles por parte de estudantes con discapacidade, procurando a disposición de recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios que aseguren a igualdade de oportunidades.
6. Independentemente da natureza das prácticas, en todas as relacións con entidades colaboradoras sobre a celebración e administración dun convenio de cooperación educativa deberá existir un único interlocutor da USC, que será o responsable do convenio.
7. Nas estipulacións básicas dos convenios ou nos seus anexos, deberán regularse os seguintes aspectos:
 - a) De carácter formal:
 - Identificación das partes que interveñen e a representación legal que ostentan.
 - O obxecto do convenio.
 - Número de prazas, ou sistema de concreción anual.
 - Tipo de prácticas: curriculares, extracurriculares, ou ambas as dúas, consecutivas ou non.

- Tempo de realización das prácticas: número de horas e número de créditos.
- Titulacións obxecto das prácticas.
- Responsable na empresa ou entidade para o desenvolvemento das prácticas.
- Órgano universitario responsable das prácticas e o cargo do responsable de xestionar o convenio.
- Período de vixencia, que en ningún caso poderá ser inferior a dous anos, e sistema de denuncia. En todo caso non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.
- Procedemento de selección dos estudantes.
- Sistema de aseguramento.
- Comisión de seguimento.
- Procedemento de resolución de conflitos.
- Xurisdición competente.
- Procedemento de renovación.

b) De carácter substantivo:

- O proxecto formativo obxecto da práctica a realizar polo estudante.
- O réxime de permisos a que teña dereito con arranxo á normativa vixente.
- As condicións de rescisión anticipada da práctica en caso de incumprimento dos seus termos.
- No seu caso, o réxime de subscrición e pagamento de seguros, tanto de accidentes como de responsabilidade civil, ou garantía financeira equivalente.
- A existencia, de ser o caso, dunha bolsa ou axuda de estudos para o estudante e a forma da súa satisfacción.
- A protección dos datos do estudante e daqueles que sendo da entidade colaboradora ou dos seus usuarios sexan accesibles a este.
- A regulación do sistema de resolución de eventuais conflitos xurdidos no seu desenvolvemento.
- Os termos do recoñecemento da universidade ao labor realizado polos titores da entidade colaboradora.

8. No caso de negligencia ou incumprimento moi grave das obrigas da empresa ou entidade a USC, previa reunión da comisión de seguimento, poderá proceder á revogación de todos os convenios formalizados coa dita entidade e a impedir a subscrición *ex novo* doutros, sen prexuízo de esixir as responsabilidades a que houbera lugar.

Artigo 10. TRAMITACIÓN

1. A proposta de convenios de cooperación educativa realízase a USC ao través dos órganos con competencia para facelo (vicerreitoría con competencias na materia, centros, Consello Social, etc) ou de entidades xestoras que colaboren coa USC mediante o oportuno convenio, como FEUGA.

2. Así mesmo, os estudantes poderán propiciar a celebración de novos convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade a través dos centros da universidade ou de entidades xestoras. Neste suposto, o estudante que propiciou o convenio terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante.

Quedan excluídas do parágrafo anterior as entidades colaboradoras que estean participadas en máis dun 10% ou dirixidas ou administradas polos estudantes solicitantes ou polos seus parentes ata o cuarto grao de consanguinidade ou segundo da afinidade. Para estes efectos, o estudante formalizará a oportuna declaración xurada. No caso de falsidade procederase, previa audiencia do estudante, á anulación automática das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.

3. O procedemento xeral para a tramitación de novos convenios de cooperación educativa no eido das prácticas académicas externas que non sigan o modelo de convenio-tipo aprobado polo Consello de Goberno será o seguinte:

- a) Remitida a proposta de convenio á vicerreitoría competente por razón de materia, esta dará traslado ao Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica (en diante SXOPRA) para a súa tramitación, excepto no caso de títulos propios, en que dará traslado ao Centro de Posgrao para a súa tramitación.
- b) Dende o SXOPRA ou Centro de Posgrao recadarase informe da Asesoría Xurídica. Tamén se poderán solicitar informes aos distintos servizos da USC, segundo o disposto no artigo 4 do Regulamento para Xestión de Convenios na USC, de considerarse necesario.
- c) Recibidos todos os informes, o SXOPRA ou Centro de Posgrao elaborarán o convenio para a súa aprobación polo Consello de Goberno e a sinatura polo reitor, reitora ou persoa na que delegue.
- d) Unha vez asinado o convenio, enviarase unha copia á Oficina de Convenios para o seu rexistro.

4. O procedemento abreviado para a renovación ou o establecemento de novos convenios que sigan o modelo de convenio-tipo aprobado polo Consello de Goberno será o seguinte: A vicerreitoría competente por razón de materia procederá á súa sinatura sen necesidade de recadar informe xurídico ou técnico, e enviarase á Oficina de Convenios para o seu rexistro e ao Consello de Goberno para a súa ratificación.

CAPÍTULO IV REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Artigo 11. DURACIÓN E HORARIOS DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

1. A duración das prácticas será a seguinte:

- a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración preferentemente non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS, que equivalen a 750 horas considerando unha equivalencia de 25h/ECTS.

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Os horarios, en todo caso, deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade.

Artigo 12. PROXECTO FORMATIVO

1. O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas e transversais que debe adquirir o estudante. Así mesmo, os contidos da práctica definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

2. En todo caso, procurarase que o proxecto formativo sexa conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

CAPÍTULO V RECOÑECEMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS

Artigo 13. ACREDITACIÓN

A Universidade de Santiago de Compostela recoñecerá ás empresas, persoas e institucións a súa colaboración no desenvolvemento das prácticas mediante a oportuna acreditación.

Artigo 14. SELO DE ENTIDADE COLABORADORA

Así mesmo para as empresas, persoas e institucións destacadas pola súa especial colaboración no desenvolvemento da realización de prácticas para os estudantes da USC, establecerase un

selo de entidade colaboradora. O procedemento para a concesión do selo de entidade colaboradora realizarase por resolución reitoral. Dos recoñecementos outorgados darase conta ao Consello de Goberno. A concesión do selo poderá supoñer o acceso a algúns servizos da USC.

CAPÍTULO VI OS ESTUDANTES

Artigo 15. REQUISITOS DOS ESTUDANTES

Para a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas, específicas e/ou transversais a adquirir na realización das prácticas.
- b) No caso de prácticas externas curriculares, non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas e non ter realizado o depósito do título.
- c) Para as prácticas externas extracurriculares, non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas as prácticas extracurriculares na mesma entidade en convocatoria precedente, agás que a actividade a realizar sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa, e non ter realizado o depósito do título.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se van a realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas a realizar non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.

Artigo 16. VÍNCULO DOS ESTUDANTES COA ENTIDADE COLABORADORA

1. A relación dos estudantes en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas nos artigos 11 e 15 do Estatuto dos Traballadores.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada.
3. Consonte co anterior, os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
4. A entidade colaboradora non poderá cubrir co estudante en prácticas ningún posto de traballo, nin sequer con carácter eventual ou interino.
5. Durante o período de prácticas, non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o estudante.

Artigo 17. DEREITOS DOS ESTUDANTES

1. Os estudantes en prácticas terán dereito a contar cun titor externo da entidade colaboradora na que as realicen, e tamén cun titor académico da universidade.

2. Ademais, os estudantes en prácticas terán dereito a:

- a) Seren avaliados no desenvolvemento das súas actividades, conforme ao que se estableza no programa para estas. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación establecidos. Estes obxectivos deberán ser coñecidos polo titor externo. Os estudantes terán dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- b) A imputación dos créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén con avaliación positiva do seu período de prácticas e, no caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- c) Que se lles expida por parte da entidade colaboradora, finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, unha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- d) Percibir, nos casos nos que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso aos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

3. No caso das prácticas curriculares se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria.

4. No caso de prácticas extracurriculares se o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar

pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Estes estudantes terán preferencia sobre os novos solicitantes.

5. A matrícula nas prácticas dará dereito á súa realización por unha soa vez. No caso de obter unha avaliación negativa por causa da memoria a que se refire o artigo 25.3, o alumnado ten dereito a unha segunda oportunidade no mesmo curso académico que consistirá na presentación dunha nova memoria.

6. No caso de estar descontento coa cualificación outorgada, o alumnado poderá solicitar a súa revisión conforme o artigo 8 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011*.

7. Así mesmo terán os dereitos establecidos no *Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios*, no *Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario*, e nos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela*.

Artigo 18. DEBERES DOS ESTUDANTES

1. Para seren admitidos no programa de prácticas académicas externas, os estudantes deberán:

- a) Realizaren os trámites de preinscrición, se así o especifica a convocatoria.
- b) Cumpriren os requisitos establecidos na convocatoria e no plan de estudos antes da finalización do prazo de solicitude, segundo se indica no artigo 15.
- c) Formalizaren a matrícula.

2. Durante o período de prácticas, o estudantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

3. Con relación á entidade na que se desenvolven as prácticas, os estudantes deberán:

- a) Incorporárense na data acordada e cumpriren o horario previsto no proxecto educativo.
- b) Cumpriren e respectaren o sistema organizativo daquela.
- c) Gardaren o debido silencio respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumpriren e respectaren as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumpriren con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

4. Os estudantes de prácticas curriculares estarán obrigados, para obterem o recoñecemento académico, á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados de acordo co establecido no plano de estudos.

5. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

CAPÍTULO VII

CONVOCATORIA, SELECCIÓN E FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Artigo 19. CONVOCATORIAS DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS REALIZADAS POLA USC

1. Unha vez aprobados e actualizados os convenios para realización de prácticas académicas externas, a USC procederá a convocar as prácticas mediante resolucións específicas que serán publicadas na páxina web e nos taboleiros de anuncios dos órganos convocantes. No caso de convocatorias realizadas polo Consello Social, FEUGA ou outras entidades xestoras, deberá publicarse nos centros onde curse estudos o alumnado ao cal van dirixidas.

2. Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico con límite ata o 30 de setembro do curso seguinte.

3. As convocatorias deberán conter o seguinte:

- a) A relación de empresas, entidades, unidades ou dispositivos na que se realizarán as prácticas.
- b) O número de prazas por empresa ou entidade.
- c) O lugar, prazo e horario indicativo de realización das prácticas.
- d) O número de horas de prácticas, as materias ou o concepto ás que se imputarán, e o número e tipo de créditos que poden recoñecerse.
- e) As titulacións ás que se imputarán as prácticas.
- f) Os requisitos e criterios para a selección.
- g) A oferta de bolsas, axudas ou asignacións por parte da entidade colaboradora aos estudantes seleccionados, se é o caso.
- h) O órgano ou persoa responsable na entidade colaboradora.
- i) O órgano e persoa responsable da universidade.
- l) O órgano de selección.
- m) Os obxectivos das prácticas e os criterios de avaliación.
- n) O lugar e o prazo de presentación das solicitudes, que en ningún caso poderá ser inferior a dez días hábiles.
- o) O prazo de matrícula, obrigatorio antes de iniciar as prácticas.
- p) Os prazos e efectos da renuncia unha vez seleccionados os estudantes e o procedemento e prazos de movemento da lista de agarda.
- q) As condicións específicas das prácticas con relación ao aseguramento.
- r) Os recursos que proceden contra a convocatoria.

4. No caso de prácticas extracurriculares convocadas por entidades xestoras habilitadas, estarase ao disposto na convocatoria da correspondente entidade.

Artigo 20. SELECCIÓN DOS ESTUDANTES

1. O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección dos estudantes conforme aos criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes. En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas aos estudantes con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para a realización das prácticas.

2. A USC exercerá o control administrativo aos efectos de que os estudantes non presenten documentos que xa obren no seu poder en caso de que sexa ela a administración convocante.

3. Realizada a selección, publicarase a resolución na que figurará a relación de persoas admitidas, excluídas e en lista de agarda.

4. A resolución indicará:

- a) Os trámites necesarios para a realización efectiva das prácticas.
- b) O prazo de incorporación e renuncia.
- c) As consecuencias da renuncia realizada con posterioridade aos prazos establecidos.
- d) O prazo para interpoñer reclamación contra a lista provisoria de admitidos consonte o disposto na convocatoria. O devandito prazo non será inferior a tres días hábiles nin superior a dez.
- e) O prazo de resolución das reclamacións ante o mesmo órgano convocante, que non será inferior a tres días hábiles nin superior a dez.

5. Concluídos os prazos de reclamación e da súa resolución, o órgano convocante publicará a lista definitiva de admitidos.

6. Unha vez seleccionados os estudantes e rematado o prazo de renuncia, o órgano convocante dará traslado da relación de admitidos á UXA correspondente, co fin de que formalicen a matrícula. Isto non será de cumprimento para os estudantes que xa figuren matriculados nas prácticas externas.

Artigo 21. MATRÍCULA

1. Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, o estudante ten que ter formalizada a oportuna matrícula na UXA, e liquidar os prezos públicos que lle correspondan. Nas prácticas curriculares obrigatorias, os estudantes deben matricularse ao inicio do curso ou no período de ampliación de matrícula se a materia é anual ou do segundo semestre. Nas

prácticas curriculares optativas e nas extracurriculares, os estudantes deben matricularse unha vez seleccionados.

2. Formalizada a matrícula, a UXA expedirá a credencial definitiva para a realización das prácticas na entidade colaboradora correspondente.

3. Os estudantes deberán ter en conta as obrigas e recomendacións do plan de estudos en relación coa organización temporal dos estudos e a realización das prácticas externas.

CAPÍTULO VIII

RÉXIME DE TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 22. TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

O estudantado contará cun titor externo da entidade colaboradora e cun titor académico da universidade.

Artigo 23. TITOR OU TITORA EXTERNO DA ENTIDADE COLABORADORA

1. O titor externo designado pola entidade colaboradora deberá ser unha persoa vinculada á mesma, con experiencia profesional e os coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. Non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor académico da universidade.

2. O titor externo da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no convenio de cooperación educativa.
- b) A ser informado acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
- c) A ser informado sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
- d) A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

3. O titor externo da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

- a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver consonte co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo:
 - As modificacións do citado plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica.

- A comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento das prácticas.
 - O control de permisos para a realización de exames e ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- e) Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
 - f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
 - g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
 - h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
 - i) Facilitar ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
 - l) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
 - m) Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

Artigo 24. TITOR OU TITORA ACADÉMICO DA UNIVERSIDADE

1. A designación do titor académico da universidade farase de acordo cos seguintes criterios:
 - a) Para as prácticas académicas externas curriculares, o titor académico deberá ser un profesor ou profesora da titulación e, a ser posible, con coñecementos afíns á práctica que se vaia realizar.
 - b) Para as prácticas académicas externas extracurriculares, o titor académico será preferentemente un profesor ou profesora da titulación con coñecementos afíns á práctica que se vaia realizar. Se isto non é posible, poderá ser un profesor ou profesora da universidade que imparta docencia na mesma área de coñecemento do título cursado con coñecementos afíns á práctica que se vaia realizar.
2. O titor académico da universidade terá os seguintes dereitos:
 - a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
 - b) A ser informado verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudante que debe tutelar.
 - c) A ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.
3. O titor académico da universidade terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor externo da entidade colaboradora e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas do estudante titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 deste Regulamento.
- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.
- f) Informar ao órgano convocante ou responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

CAPÍTULO IX

AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 25. AVALIACIÓN

1. Á conclusión das prácticas, o titor externo da entidade colaboradora realizará e remitirá ao titor académico da universidade un informe final onde recollerá o número de horas realizadas polo estudante e no cal poderá valorar os seguintes aspectos referidos, de ser o caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración de traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso de estudantes con discapacidade que teñan dificultades na expresión oral, deberá indicarse o grao de autonomía para esta habilidade e se para este efecto require dalgún tipo de recurso técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- l) Receptividade ás críticas.
- m) Puntualidade.
- n) Relacións coa súa contorna laboral.
- o) Capacidade de traballo en equipo.

- p) Aquel outros aspectos que se consideren oportunos.
2. Unha vez transcorrida a metade do período de duración das prácticas, poderá elaborarse un informe intermedio de seguimento por parte do estudante e dos seus titores, cando así se estableza na convocatoria.
 3. Á conclusión das prácticas, o estudante elaborará e fará entrega ao titor académico dunha memoria final, que poderá ter un modelo propio de centro (indicado na convocatoria) e que deberá conter, cando menos, a seguinte información:
 - a) Datos persoais do estudante.
 - b) Entidade colaboradora onde realizou as prácticas, localización e período de realización.
 - c) Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado.
 - d) Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
 - e) Relación dos problemas expostos e o procedemento seguido para a súa resolución.
 - f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
 - g) Valoración das prácticas e suxestións de mellora.
 4. O titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración, para que el mesmo ou ben o coordinador das prácticas cubra e asine a acta.
 5. O recoñecemento académico das prácticas académicas externas no expediente do estudante realizarase despois de asinada a acta de prácticas polo titor académico ou polo coordinador das prácticas.
 6. Finalizadas as prácticas académicas externas, a USC poderá emitir, a solicitude do estudante a través das UUXA, un documento acreditativo das mesmas que conterá, polo menos, os seguintes aspectos:
 - a) Titular do documento.
 - b) Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
 - c) Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización.
 - d) Actividades realizadas.
 - e) Aquel outros que a universidade considere conveniente.
 7. O documento acreditativo das prácticas académicas externas deberá ter os contidos e formatos únicos que deberán ser aprobados pola USC.
 8. O Suplemento Europeo ao Título recollerá as prácticas externas curriculares e extracurriculares realizadas antes do depósito do título.
 9. A Secretaría Xeral establecerá as oportunas instrucións en materia de actas así como para a resolución das incidencias detectadas. O réxime de entrega, conservación e custodia das actas será o xeral.

CAPÍTULO X SEGURO ESCOLAR

Artigo 26. RÉXIME DE ASEGURAMENTO

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo Seguro Escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do estudante, un seguro de accidentes.
2. Os danos a terceiros como consecuencia da realización de prácticas académicas externas do estudante estará cuberta polo seguro de responsabilidade civil da USC.
3. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere no convenio e na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais. O convenio establecerá a parte que se fai cargo do custo do referido seguro.
4. As prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma na que se perciba, estarán asimiladas a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.
5. A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda.

CAPÍTULO XI REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NA PROPIA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 27. RÉXIME XERAL

1. A administración universitaria, os centros e as estruturas de investigación da USC, ademais das empresas ou entidades que estean participadas de forma maioritaria por esta, poderán ser receptoras de estudantes en prácticas.
2. Con carácter previo á realización destas prácticas seguirase o seguinte procedemento:
 - a) Solicitud do órgano convocante das prácticas de inclusión na oferta de prácticas.
 - b) Informe da unidade receptora de alumnos en prácticas. No caso de unidades administrativas, este órgano será a Xerencia.
 - c) Aprobación do acordo de prácticas por Resolución Reitoral ou polo órgano no que se delegue.

CAPÍTULO XII

RECOÑECEMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR EXPERIENCIA PROFESIONAL

Artigo 28. RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL OU ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS

1. Cando na memoria dos títulos se estableza a posibilidade do recoñecemento da experiencia profesional como prácticas académicas externas incluídas no plan ou noutros contidos, esta experiencia pode recoñecerse tanto se procede da administración universitaria como doutros ámbitos.
2. Se existe unha identidade substancial entre as tarefas a desenvolver durante o período de prácticas académicas externas e as funcións propias dunha prestación de servizos ou dunha bolsa, poderase recoñecer a devandita prestación de servizos como prácticas en empresas ou incluso realizar a acreditación de competencias.
3. Nos dous casos anteriores, o interesado deberá solicitar ao Servizo de Xestión Académica o recoñecemento ou a acreditación de competencias e, á vista dos informes sobre as súas actividades da entidade na que prestou servizos e do centro responsable da titulación da que queira obter o recoñecemento o estudante, estimarase ou denegarase o recoñecemento solicitado.

CAPÍTULO XIII

PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS A TRAVÉS DO PROGRAMA ERASMUS+

Artigo 29. PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS A TRAVÉS DO PROGRAMA ERASMUS+

1. O estudiantado poderá realizar a través do programa Erasmus+ unha estadía nunha empresa ou entidade doutro país participante. A través deste programa os estudantes realizarán só as prácticas, sen que se podan incluír outras materias do plano de estudos. Estas prácticas poden ir acompañadas, en caso necesario, de cursos de preparación ou de cursos de actualización na lingua de acollida ou de traballo na empresa ou entidade.
2. Para os efectos da realización de prácticas, non será necesaria a existencia de acordos bilaterais entre a institución de educación superior e a empresa de acollida, posto que están legalmente suxeitos ao cumprimento do acordo de formación de cada estudante asinado polas tres partes implicadas e adxunto ao contrato entre a institución e o estudante.
3. Os requisitos de acceso ao programa e ás axudas que se establezan serán os que se sinalen na correspondente convocatoria, que se elaborará de conformidade coas directrices proporcionadas pola Axencia Nacional do Programa ERASMUS+. A USC garantirá na convocatoria:

- a) Que o procedemento de concesión das axudas responda aos principios de xustiza, equidade, transparencia, coherencia e que estea ben documentado.
 - b) Que o procedemento de concesión das axudas sexa público indicando os criterios de elixibilidade, exclusión, selección e concesión, que estarán baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.
 - c) Que as persoas que poidan tomar parte nos órganos ou o proceso de selección non entren en conflito de intereses cos beneficiarios individuais.
 - d) Que os criterios de selección sexan fundamentalmente os resultados académicos do candidato/a, os coñecementos necesarios da lingua de traballo na organización de acollida, a motivación, etc.
5. En todo caso os estudantes deben estar matriculados na USC nun programa de estudos que conclúa coa obtención dunha titulación oficial e con validez en todo o territorio nacional, ata o grao de doutoramento inclusive.
6. A USC autorizará o acordo de formación, o programa de traballo, e realizará o seguimento das prácticas do estudante. O acordo de formación inclúe o programa de tarefas ou de traballo que levará a cabo, os resultados da aprendizaxe en materia de coñecementos, as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titoría, e a correspondencia do período de prácticas coa titulación que está realizando o estudante.
7. Rematada a estadía procederase á solicitude de recoñecemento do período de prácticas do estudante conforme ás normas da USC. O recoñecemento unicamente poderá ser denegado se:
- a) O estudante non alcanza o nivel requirido pola entidade de acollida ou incumpre as normas da USC ou do plano de estudos.
 - b) Se incumpren as condicións relativas aos acordos de formación.

CAPÍTULO XIV PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 30. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal das entidades colaboradoras ou outros participantes nos programas de prácticas académicas externas, deberán respectar a lexislación e a normativa da USC sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

CAPÍTULO XV

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 31. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

1. Para as titulacións de Grao e Máster os mecanismos de control de calidade das prácticas estableceranse no marco do Sistema de Garantía de Calidade do centro, e deberán ter en conta, cando menos, os seguintes elementos:

- a) Orientación ao estudante a través do coordinador de prácticas ou doutros mecanismos complementarios que se establezan.
- b) Medición da satisfacción de estudantes e entidades colaboradoras a través de enquisas.
- c) Xestión de queixas e reclamacións a través do centro e da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR).
- d) Avaliación anual e propostas de mellora no marco do seguimento anual do título.

2. No resto das titulacións establecerase, como mínimo, unha enquisa de satisfacción de estudantes e unha memoria anual.

3. Sen prexuízo dos sistemas de seguimento e avaliación que aproben os centros ou entidades xestoras como o Consello Social ou FEUGA, a vicerreitoría con competencias na materia poderá establecer mecanismos de avaliación, control e seguimento das prácticas ofertadas co obxecto de adecuar a oferta á demanda e aplicar sistemas de mellora da calidade nos programas de prácticas académicas externas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As expresións referidas aos cargos académicos e a certas responsabilidades, así como as de alumnos, estudantes e similares, entenderanse nun sentido xeral, sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como masculino.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A Coordinación dos convenios de prácticas poderá centralizarse a través dunha unidade administrativa específica que realizará a xestión e seguimento dos mesmos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

En tanto non se implante o sistema de actas previsto neste Regulamento manteranse vixentes os modelos de certificados expedidos polo Consello Social e FEUGA aos estudantes que superen as prácticas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As prácticas realizadas, iniciadas ou convocadas antes da entrada en vigor do presente Regulamento rexeranse pola normativa que as regulaba. O seu recoñecemento requirirá do aboamento dos prezos públicos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

No prazo máximo de 2 anos establecerase unha aplicación informática para o seguimento e control das prácticas conforme se define no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA E TÁBOA DE VIXENCIAS

Queda derogada a *Normativa de Prácticas Externas en Empresas e Institucións*, aprobada polo Consello de Goberno o 30/05/2008.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor no día seguinte ao de publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico Oficial da Universidade de Santiago de Compostela.